

PROGRAMACIÓN XERAL DE ACTIVIDADES

REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAI
SANTIAGO DE COMPOSTELA



SETEMBRO 2024 a XULLO 2025



índice

CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL MUNICIPAL O ENSANCHE	4
CENTRO SOCIOCULTURAL AGUSTÍN BUENO DO CASTIÑEIRIÑO	11
CENTRO SOCIOCULTURAL DE CONXO	16
CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA	44
CENTRO SOCIOCULTURAL JOSE SARAMAGO DE VITE	54
CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS	61
CENTRO SOCIOCULTURAL DA CIDADE HISTÓRICA “MARUXA E CORALIA”	67
CENTRO SOCIOCULTURAL DA TRISCA.....	71
CENTRO SOCIOCULTURAL DA ROCHA	73
CENTRO SOCIOCULTURAL DE VIDÁN.....	74
CENTRO SOCIOCULTURAL DE SAN LORENZO.....	74
CENTRO SOCIOCULTURAL DE SAR.....	75
CENTRO SOCIOCULTURAL DE PONTEPEDRIÑA.....	77
CENTRO SOCIOCULTURAL DE CARDEAL QUIROGA.....	80
LOCAL SOCIOCULTURAL DA ALMÁCIGA.....	
883	
LOCAL SOCIOCULTURAL DE AMIO.....	84
LOCAL SOCIOCULTURAL BRAÑAS DE ANDRÉS.....	87
LOCAL SOCIOCULTURAL DAS CANCELAS	89
LOCAL SOCIOCULTURAL CASA AGRARIA	90
LOCAL SOCIOCULTURAL ROMANO	93
CENTRO SOCIOCULTURAL DA GRACIA	96
CENTRO SOCIOCULTURAL DA BARCIELA.....	97
CENTRO SOCIOCULTURAL DA PEREGRINA.....	98
CENTRO SOCIOCULTURAL ARÍNS	98
CENTRO SOCIOCULTURAL BANDO.....	99
CENTRO SOCIOCULTURAL BUSTO.....	100
CENTRO SOCIOCULTURAL CESAR.....	100
CENTRO SOCIOCULTURAL ENFESTA.....	101
CENTRO SOCIOCULTURAL O EIXO-BORNAIS.....	103
CENTRO SOCIOCULTURAL FIGUEIRAS.....	103
LOCAL SOCIOCULTURAL GRIXOA	104

CENTRO SOCIOCULTURAL LAMASCAL	105
CENTRO SOCIOCULTURAL LARAÑO	105
CENTRO SOCIOCULTURAL LAVACOLLA	106
CENTRO SOCIOCULTURAL MARANTES	107
CENTRO SOCIOCULTURAL MARROZOS	108
CENTRO SOCIOCULTURAL NEMENZO	108
CENTRO SOCIOCULTURAL SANTA CRISTINA DE FECHA.....	109
CENTRO SOCIOCULTURAL SAN XULIÁN DO CARBALLAL	110
CENTRO SOCIOCULTURAL VERDÍA.....	111
CENTRO SOCIOCULTURAL DE VILLESTRO.....	111

Procedemento para o apuntamento nas actividades regulares organizadas polo servizo de CSC que precisan de preinscrición no curso 2024/25 e que comezan en outubro de 2024	113
---	-----

CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL MUNICIPAL O ENSANCHE

PROGRAMACIÓN

CSC 1

Rúa Frei Rosendo Salvado 14/16

GPS 42º52'12"N 8º33'38"O

Tlf. 981 54 30 01 Fax 881 817 692

Enderezo electrónico: csxoensanche@santiagodecompostela.gal

www.santiagodecompostela.gal

Búscanos en facebook e instagram @oensanche

<https://oensanche.wordpress.com>

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

De luns a venres 9 - 14 h

De luns a venres 16.15 – 21.30 h

Sábado 9.30 - 14 h

PROGRAMACIÓN OUTUBRO - DECEMBRO 2024

ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

Club Xadrez avanzado de 6 a 12 anos

Luns 19 - 20 h

10 prazas

15 €/anual

Venres en familia

Venres 18 - 20 h

20 prazas

Gratuito

EspaZo algo máis que deberes (8 a 12 anos)

Aprendendo e xogando. Espazo de lecer e apoio escolar

Luns a mércores 18 - 20h

15 prazas

Gratuito

ACTIVIDADES PARA A MOCIDADE

ClubTEch xuvenil 15€/anual. Inclúe

ActivaTE dixital (11 a 15 anos)

Xoves 17.30 - 18.30h

10 prazas

Robótica

Xoves de 18.30 - 19.30

10 prazas

ACTIVIDADES PARA A TODOS OS PÚBLICOS

Club de XADREZ iniciación

Xoves 19 - 20h

16 Prazas

Prezo 15 €/anual

Iniciación á pandeireta

Luns 18.30 - 19.30h

Grupo I: 7 e 21 outubro, 4 e 18 novembro e 2 e 16 decembro

Grupo II: 14 e 28 outubro, 11 e 25 novembro e 9 e 23 decembro

10 prazas

Actividade gratuíta

Iniciación ao baile galego

Luns 20 - 21h

21 outubro

18 novembro

16 decembro

10 prazas

Actividade gratuíta

Tips de supervivencia

Sábados 11.30 a 13.30h

Outubro: Primeiros auxilios

Novembro: Pequenas reparacións para o aforro enerxético: cambio a bombillas led, reductores e aireadores de auga

Decembro: Iniciación á cociña vegana para non veganos

*Consulte as datas na programación específica do centro

ACTIVIDADES PARA ADULTOS E SÉNIOR

Club Xadrez avanzado

Luns 18 - 19h

16 prazas

15 €/anual

Club de Teatro

Mércores 20 - 21.30h

12 Prazas

Prezo 15 €/anual

Ioga (Asociación ASSANA)

Martes e xoves 10.30 - 12h

20 prazas

Prezo 60€/trimestre

Inscripcións en 616849103

Club de lectura semanal

Xoves 20 - 21h

15 Prazas

Prezo 15 €/ anual

Club de lectura quincenal

2º e 4º mércores 20 - 21h

15 Prazas

Prezo 15 €/ anual

ACTIVIDADES PARA SÉNIOR

Movemento e saúde

Espazo de benestar e promoción de vida saudable. Estiramientos, exercicios para mobilizar o corpo, relaxación da mente, alimentación saudable, saídas...

Luns 10.00 - 11h grupo I e 11.30 – 12.30h Grupo II

12 prazas

Prezo 12€/trimestre

Escola Popular

Martes 18 - 19 h

Espazo de aprendizaxe, encontro e esparcemento para persoas maiores co obxectivo de manter unha vida activa e saudable, activar a mente e divertirse en grupo

20 prazas

Gratuíta

Ximnasia de Mantemento (Asociación Solideportízate)

Venres 9 - 10h e 10.30 – 11.30h

20 prazas

Prezo 20 €/mes

Inscripción en 678648030

Activa a túa Memoria (Asociación AGADEA)

Luns 16.30-18.30h, 18.30 -19.30h e 19.30 – 20.30h

15 prazas

Martes 16.30 a 18.00h

Prezo 30€/trimestre

Inscripción en 981595738 / 647589725

ACTIVIDADES INFORMÁTICA

ADULTOS/SÉNIOR (Maiores de 60 anos)

OUTUBRO A DECEMBRO

Aula do CSC do Ensanche

Informática dende 0

Martes de outubro a decembro de 11.15 - 12.15h

30€/ trimestre adultos 25€ sénior

9 prazas

Informática para o día a día

Mércores e venres de outubro a decembro de 10.15 - 11.15h

55€/ trimestre adultos 45€ sénior

9 prazas

Seguridade Dixital

Xoves de outubro a decembro de 11.15 - 12.15h

30€/ trimestre adultos 25€ sénior

9 prazas

Aula de Cornes**Preparación CURSO CODIX**

Martes de outubro a decembro de 17.30 - 18.30h

30€/ trimestre adultos 25€ sénior

9 prazas

OUTUBRO

Aula do CSC do Ensanche**Monográfico Tecnoloxía ao Día: Realidade Virtual**

Mércores de outubro de 12.30 - 13.30

gratuíto

9 prazas

Monográfico Informática na rúa: GPS e clave DNI electrónico

Venres de outubro de 12.30 - 13.30

Gratuíto

9 prazas

Aula de Cornes**Monográfico Uso básico Smartphone**

Luns de outubro de 10.30 - 11.30h

Gratuíto

9 prazas

Monográfico Configuración básica do Móbil

Luns de outubro 12.30 - 13.30h

Gratuíto

9 prazas

Monográfico Identificación Dixital

Luns de outubro de 17.30 - 18.30h

Gratuito

9 prazas

Monográfico Personalización do Smartphone

Martes de outubro de 19.45 - 20.45h

Gratuito

9 prazas

Monográfico Supérate coa axuda dun coach de IA I: Falando coa IA

Mércores de outubro 17.30 - 18.30h

Gratuito

9 prazas

NOVEMBRO

Aula do CSC do Ensanche

Monográfico Tecnoloxía ao Día: Virus e antivirus

Mércores de novembro de 12.30 - 13.30

gratuito

9 prazas

Monográfico deseño con Canva

Venres de novembro de 12.30 - 13.30

Gratuito

9 prazas

Aula de Cornes

Monográfico Redes sociais con Smartphone

Luns de novembro de 10.30 - 11.30h

Gratuito

9 prazas

Monográfico Conectividade e almacenamento do Móbil

Luns de novembro 12.30 - 13.30h

Gratuito

9 prazas

Monográfico Trámites na administración

Luns de novembro de 17.30 - 18.30h

Gratuito

9 prazas

Monográfico Whatsapp

Martes de novembro de 19.45 - 20.45h

Gratuito

9 prazas

Monográfico Supérate coa axuda dun coach de IA II: definir obxectivos

Mércores de novembro 17.30 - 18.30h

Gratuíto

9 prazas

DECEMBRO

Aula do CSC do Ensanche

Monográfico Tecnoloxía ao Día: Clitoarte e cliptomoedas

Mércores de decembro de 12.30 - 13.30

gratuíto

9 prazas

Monográfico Informática na rúa: Compras, páxinas e rastreo

Venres de decembro de 12.30 - 13.30

Gratuíto

9 prazas

Aula de Cornes

Monográfico Whatsapp

Luns de decembro de 10.30 - 11.30h

Gratuíto

9 prazas

Monográfico Compras por internet co Móbil

Luns de decembro 12.30 - 13.30h

Gratuíto

9 prazas

Monográfico Meu cartafol, os meus datos na administración

Luns de decembro de 17.30 - 18.30h

Gratuíto

9 prazas

Monográfico Redes sociais co Smartphone

Martes de decembro de 19.45 - 20.45h

Gratuíto

9 prazas

Monográfico Supérate coa axuda dun coach de IA III: Retos con IA

Mércores de decembro 17.30 - 18.30h

Gratuíto

9 prazas

Hora de utilización libre: fora do horario dos cursos

Consultas e apoio tecnolóxico: consultar horarios

CHARLAS E CONFERENCIAS

Consulta na programación mensual do centro

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CON COLECTIVOS

Consulta de prazos específicos de inscrición desde setembro

Asociación “Assana”

616849103

Asociación “AGADEA”

981595738/647589725

Asociación “Solideportízate”

678648030

PROGRAMAS DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAI

Vive o Nadal 2024

Entroido 2025

Conmemoracións e semanas temáticas / Letras galegas 2025 / Día do xogo / Banquete de Conxo

Vive o verán 2025

Terraceamos+ 2025

Programación da Biblioteca José Saramago dos centros socioculturais

Programación das aulas de xogo dos centros socioculturais

consultar programación específica

ASOCIACIÓN

Asociación Assana

Asociación Solideportízate

Asociación AGADEA

CENTRO SOCIOCULTURAL AGUSTÍN BUENO DO CASTIÑEIRIÑO

PROGRAMACIÓN

CSC 2

Rúa Virxe de Fátima, s/n

GPS 42°51'28"N 8°32'32"O

Tlf. 981 542 459

Enderezo electrónico: cscastineirino@santiagodecompostela.gal

www.santiagodecompostela.gal

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

De luns a venres 9 - 14 h

De luns a venres 17 - 21 h

Sábado 10 - 14 h

ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

Club expresión corporal - teatro

Mércores de 17- 18. h de 6 a 10 anos

15 €/anual

12 prazas

Club Xadrez

Venres de 17:30 - 18:30 h de 6 a 12 anos

10 prazas

15 €/anual

Inglés para nenos/as. (English in use)

Lúns de 18 a 19 h de 6 a 12 anos

25€/trimestre

10 prazas

Debuxo e pintura nenos de 6 a 12 anos (Asociación Anoando)

Mércores 17 - 19 h

20 €/mes

AULA DE XOGO (Máximo 12 participantes/día)

De Luns a Xoves de 17 a 20.30h

Venres actividades específicas, consultar programación.

Club rapazada entre 8-14 anos

18 – 20 h

ACTIVIDADES PARA ADULTOS E SÉNIOR

Activa a túa Memoria

GRUPO I

Estimulación á memoria

Mércores de 16.30 a 18 h

15€/trimestre

10 prazas

GRUPO II

Estratexías para desenvolver a memoria

Mércores 18- 19.30 h

15€/trimestre

10 prazas

Pintura ao Óleo (Asociación Anoando)

Grupo I. Mércores 19.30 - 21.30 h

Grupo II. Xoves 19.30 - 21.30 h

ACTIVIDADES INFORMÁTICA PARA ADULTOS/SÉNIOR (Maiores de 60 anos)/ 8 prazas por grupo máx.)

MUNDO MÓBIL

Uso móbil na vida cotiá

Martes de 19 a 20 h

TERRITORIO GOOGLE

Introdución ao Google, ferramentas e utilidades

Mércores de 18 a 20 h

AVANZA EN DIXITAL

Uso básico do sistema operativo, navegación e trámites administrativos.

Venres de 18 a 20 h

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CON COLECTIVOS DO BARRIO

Teatro “Mediogüevo”

(grupo de teatro amador adultos)

Sábados 12 - 13.30 h

Gratuíta

Asociación Cultural Amigos do Castiñeiriño

Zumba

Grupo I. Luns e Venres 18 - 19 h

Grupo II. Martes e Xoves 18 - 19 h

Pandeireta. Iniciación

Grupo I. Xoves de 18.30 - 19.30 h

Grupo II. Luns de 18.30 - 20.30 h

Gaita

Luns 18.15 - 20.15 h

Coral Polifónica Amigos do Castiñeiriño

Mércores 18 – 20 h

(Aberto o prazo para inscrición novas voces)

Encaixe de Bolillos

Lúns 17 - 19 h.

Asociación Cultural Recandea**Calceta, Ganchillo e bordado a man**

Grupo I. Luns 10 - 12 h

Grupo II. Venres 17 - 19 h

20€/mes

Ximnasia de Mantemento

Martes e Xoves 19 - 20 h

22€/mes

Pilates

Grupo I. Martes e Venres 10 - 11 h

Grupo II. Martes e Xoves de 20 - 21 h

Grupo III. Martes e Xoves de 21 - 22 h

22€/mes

Ioga

Mércores 20.15 - 21.45 h

22€/mes

Corte e Confección

Grupo I. Xoves 10 - 13 h

Grupo II. Venres 10 - 13 h

20€/mes

Asociación cultural Anoando do Castiñeiriño**Debuxo e pintura nenos de 6 a 12 anos**

Mércores 17 - 19 h

20 €/mes

Xerontoximnasia

Promover a actividade deportiva entre as persoas maiores para millorar a saúde física

Xoves de 9.30 – 11 h

20€/mes

Escola Terapéutica de saúde

Combinado de diferentes disciplinas: Tai Chi, Ioga, Pilates, Ximnasia, Estiramientos, Masaxe, Aromaterapia, Musicaterapia, Risoterapia, Alimentación, etc.

Venres de 18.30h – 20 h

25€/mes

Tai-Chi

Grupo I:

Venres 20 - 21.30h

20€/mes

Grupo II:

Martes e Xoves 11 a 12 h

26€/mes

Pintura ao Óleo

Grupo I. Mércores 19.30 - 21.30 h

Grupo II. Xoves 19.30 - 21.30 h

Asociación A.C. Galinké

Danzas Africanas dos pobos Mandés

Martes de 18.45 a 20.15h. (Grupo I)

Martes de 20.30h a 22h. (Grupo II)

Percusión Africana

Venres de 16.30 -18 h (ampliable ata 18.30h)

Agadea

Pintura ao óleo

Xoves de 17 -19 h

Asociación Dano Cerebral Compostela SARELA:

Ioga

Luns 9.30 a 11 h (Grupo I)

Luns 12 - 13.30 h (Grupoll)

Martes 12-13 h (Grupo III)

Informática

Luns 12 - 13.30 h

AULA DE XOGO

De luns a xoves 17 - 20.30 h

Venres Mozo, venres da rapazada.

12 prazas

Consultar programa específico

BIBLIOTECA

De luns a sábado 10 - 14 h

De martes a venres 17 - 21 h

Zona Wifi

AULA DE INFORMÁTICA

Hora de utilización libre: fóra do horario dos cursos

Consulta de prazos específicos de preinscripción en setembro de 2023

PROGRAMAS DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAI

Fegateatro 26 de Outubro con Atrezzo teatro “Balneario a Condesiña” ás 18 h.

Programación de Samaín e Magosto

Vive o Nadal 2024

Vive o Entroido 2025 (colaboración AAVV. Do Castiñeiriño, e Asociación Carnabalesca do Castiñeiriño)

Conmemoracións e semanas temáticas/Letras galegas 2025

Vive o verán 2025

Seráns de Teatro no Casti. IV Xeira. Set24-Xuñ25

Galinké 2025 (Abril-Maio 2025)

Batebatuke 2025 (Maio-Xuño 2025)

San Xoán 2025 (Asociación de Veciños do Castiñeiriño) Fegateatro nos Centros Socioculturais

Torneos de xadrez interxeracionais

Terraceamos+ 2025

Programación das Aulas de Xogo

Programación das Biblioteca José Saramago

consultar programación específica 20 Aniversario do Centro Sociocultural Agustín Bueno do Castiñeiriño.

ASOCIACIÓN

Asociación Cultural Anoando do Castiñeiriño

Asociación de Veciños O Castiñeiro

Asociación de mulleres Recandea

Agadea (Asociación galega de Axuda a Pacientes con Demencia Alzheimer)

Asociación Amigos do Castiñeiriño

Asociación Dano Cerebral Compostela SARELA

CENTRO SOCIOCULTURAL DE CONXO

PROGRAMA XERAL DE ACTIVIDADES CSC 2

Rúa Campo de Conxo nº 15

15702 - Santiago de Compostela

GPS 42º 51'46"N 8º 33' 20"O

Tlf. 981528740 Fax 981528739

Enderezo electrónico: csonxo@santiagodecompostela.gal

Páxina web: www.santiagodecompostela.gal

Facebook: facebook.com/centrosocioculturaldeconxo

HORARIO DO CENTRO

De luns a venres de 10h a 13.30h, de luns a venres de 16.30h a 21.30h

Sábado de 10 a 14h

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS PARA NENOS/-AS

Kung fu

5 a 9 anos

luns 17 a 18h

Prezo: 25€/trimestre

Diverciencia

Actividade de ciencia para rapazada de 6 a 12 anos.

Aprenderás ciencia de xeito divertido cun grande lote de experimentos.

mércores de 17 a 18h

de balde

Tenis de Mesa rapazada (con CONXOTM)

Luns 18:15 a 19:45 h

20 de matrícula inicial (licencia) e 10 euros mes

Danzas urbanas

Venres de 17 a 18h

A partir de 6 anos

Prezo 25€/trimestre

Robótica

Grupo 1: luns de 17 a 18h (5 a 8 anos)

AI. Uso da Intelixencia Artificial como recurso formativo

Luns de 18 a 19h (A partir de 9 anos)

Grupos de Teatro rapazada (Club)

Venres

Grupo 1 nados no 2015-2018 (6-8 anos) de 17.30 a 18.15 h (10 prazas)

Grupo 2 nados anos 2012-2014 (9-11 anos) de 18.15 a 19.00 h (10 prazas)

Grupo 3 nados ano 2009-2011 (12-14 anos) de 19.00 a 19.45 h (10 prazas)

15 €/curso- Rexeranse polo calendario escolar

Xadrez (Club)

Venres

19.00 a 20.00h (de 5 a 8 anos) (6 prazas)

20.00 a 21.00h (de 9 a 14 anos) (6 prazas)

15 €/curso

Pintura sensitiva

De 3 a 6 anos

Xoves 17 a 18 h

8 prazas

25 €/trimestre

Taller de expresión a través do debuxo e a pintura

De 7 a 12 anos

Xoves 18.15 a 19.15 h

8 prazas

25 €/trimestre

Dinamización dixital

(monográficos dixitais de 5 a 8 anos)

Martes 18 a 18.45 h

Deseño 3D

A partir de 6 anos

Venres 17.30 a 18.30h

Pequenas/os lectoras/-es (Club)

Actividade da BPM José Saramago de Conxo

Lemos a xogar e xogamos a ler

Mércores 18 a 19h

De 5 a 10 anos

Vive a Aventura

Actividade da BPM José Saramago de Conxo

(De 8 a 13 anos)

Actividade de animación á lectura a través do xogo e das novas tecnoloxías

Venres 19 a 20h

Prazas limitadas. Necesidade de *inscrición previa*

Espazo Pícaro

Espazo de encontro para as máis pequenas onde xogarán e tamén realizarán diferentes obradoiros na volta das temáticas estacionais.

De luns a xoves de 17.30 a 19.15h

nenos/as 5 a 8 anos

Inscripción previa

Estratexia: Máis que un Xogo

Espazo no que coñeceremos e aprenderemos a xogar a diferentes xogos de mesa de estratexia como por exemplo o Catán, Dixit ou Kingsburg.

Xoves de 19.30 a 20.30h

rapazada de 9 a 14 anos

Inscripción previa

Espazo aberto

Espazo aberto de xogo para rapazada dos 5 aos 12 anos

Venres de 17.30 a 20.30h

Escola de Detectives CX

Actividade na que xogaremos a ser aprendices de detectives, entrando no mundo da investigación e do misterio.

rapazada nada entre 2012-2015

Venres de 17.45 a 19.15 h

Inscripción previa

Tardes de Xogo e Xogos na praza (de 6 a 12 anos)

Sempre que o tempo o permita teremos un espazo onde xogar: xogos dirixidos e xogos predeportivos na praza

Mércores de 19.30 a 20.30h

Venres alternos de 19.30 a 20.30h (quincenal)

a partir de 6 anos

Inglés lúdico

Ven xogar co inglés!

Martes

Grupo 1. De 17 a 18h (de 5 a 8 anos)

Grupo 2. De 18 a 19h (de 9 a 12 anos)

8 prazas

25€/trimestre

Club d@s Pillad@s

Martes 19.30 a 20.30h e sábados segundo programación

De 8 a 11 anos

10 prazas

15 €/curso

Club de rapazada entre os 8 e 11 anos cun proxecto de actividades de tempo libre que desde un sustrato lúdico ten como obxectivo xerar unha proposta rica e diversa suxerida pola propia rapazada con base nos valores da ecoloxía, a igualdade, o medio natural e os valores comunitarios e desde unha actitude activa e crítica.

Programa de reforzo socioeducativo

de martes a venres

Dos 6 aos 16 anos

(Proxecto en colaboración co voluntariado USC)

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS PARA MOZOS/-AS

Danzas urbanas

Venres de 17 a 18h

Prezo 25€/trimestre

Grupo de Teatro de mozos/-as* (Club)

Nados entre o 2005-2008 (15-18 anos)

Venres 20 a 20.45h

Xadrez (Club)

Venres

20.00 a 21.00h (até os 14 anos) (6 prazas)

15 €/curso

Tenis de Mesa (con CONXO TENIS DE MESA)

Sábado 18:15 a 19:45 h

10 euros mes, e 25 de matrícula (licencia)

Grupo Mozo (Club)

Luns de 19.30 a 20.30h e Sábados/fin de semana, e outros días segundo programación

A partir de 12 anos

15 €/curso

Club de rapaces/-as entre os 12 e 15 anos que desenvolven un proxecto de actividades de tempo libre para este grupo de idade co obxectivo de vivir novas experiencias e favorecer o crecemento persoal, xogando, gozando e aprendendo. A proposta de actividades abrangue desde as saídas lúdicas a talleres diversos, brigada ecolóxica, proxectos comunitarios, etc... Ten como obxectivo principal que, desde unha actitude activa e responsable, a rapazada sexa a protagonista no desenvolvemento das súas inquiredanzas e intereses.

Club Xuvenil de Conxo Vellas Glorias

Proxecto de carácter comunitario e lúdico coa mocidade do barrio no que se realizarán encontros puntuais nos que se retome o contacto cos mozos e mozas pertencentes no pasado ao club mozo, pero tamén aberto a máis mozos e mozas, conformando así un grupo que nun futuro se conforme coma asociación xuvenil.

Sábados de 10 a 14 h

Estratexia: Máis que un Xogo

Espazo no que coñeceremos e aprenderemos a xogar a diferentes xogos de mesa de estratexia como por exemplo o Catán, Dixit ou Kingsburg.

Xoves de 19.30 a 20.30h

rapazada até os 14 anos

Inscripción previa

Dinamización dixital rapazada

(monográficos dixitais)

Martes 18.45 a 19.30 h

ACTIVIDADES PARA ADULTOS

Obradoiro de creación literaria (*actividade quincenal*)

Obradoiro de escrita narrativa guiado por autora/-or literaria.

Club de lectura *Petiscos Literarios* (*actividade quincenal*)

Club de lectura de relatos, contos e novelas breves que non precisen máis de 4 horas de lectura

Mércores de 19.15 a 20.15h

15€/curso

Necesaria inscrición previa. Prazas limitadas

Español–galego para inmigrantes

Martes 18.30 a 19.30h

En colaboración co Servizo de Voluntariado USC

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS MAIORES

Escola de Maiores

Conxunto de actividades, formacións e iniciativas dirixidas a persoas maiores de 65 anos co obxectivo de favorecer a saúde física e emocional e promover un envellecemento activo. As sesións son gratuítas e teñen diferente formatos con encontros, debates, saídas culturais, actividades lúdicas e artísticas, ...

Luns e mércores de 12h a 13h

Actividade gratuíta con voluntariado da USC

Ximnasia suave

Actividade básica de movemento para persoas maiores co obxectivo de incorporar unha actividade ximnástica básica na vida diaria.

Luns de 11 a 12h

10 prazas

Inscripción 15€/anual

Mellora o uso do teu móbil

uso, apps, whatsapp..

Mércores 18 a 19.30h

Ximnasia para a saúde

Mércores 17 a 18h

Venres 18 a 19h

45 €/trimestre

12 prazas

Espazo Senior (club)

Proposta de espazo de encontro para maiores. Actividades puntuais, charlas, saídas culturais, visitas e encontros con outros grupos de maiores.

Xoves de 18.30 h a 20h

15€/anual

Activa a túa memoria (actividade dentro do Espazo Senior)

Xoves 17 a 18.30h

15€/mes

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DIXITAL E INFORMÁTICA

Sala de dinamización dixital con 8 terminais informáticos, impresora 3D, ...

Cidadanía Dixital Iniciación

Curso de iniciación á informática

Martes 17 a 18h

Prezo 30€/trimestre

Cidadanía Dixital avanzada

Curso de informática avanzada

Venres 18.30 a 19.30h

Prezo 30€/trimestre

Creación Dixital

Retoque fotográfico, edic. videos, diseño dixital ...

Mércores 17 a 18h

Mellora o uso do teu móbil

uso, apps, whatsapp..

Mércores 18 a 19.30h

Robótica

Grupo 1: luns de 17 a 18h (5 a 8 anos)

AI. Uso da Intelixencia Artificial como recurso formativo

Luns de 18 a 19h (A partir de 9 anos)

Impresión e deseño 3D

A partir de 6 anos

Venres 17.30 a 18.30h

Dinamización dixital

(monográficos dixitais de 5 a 8 anos)

Martes 18 a 18.45 h

Dinamización dixital rapazada

(monográficos dixitais)

Martes 18.45 a 19.30 h

Servizo de axuda tecnolóxica

Trae as túas dúbidas/o teu equipo. Axudarémoste no que precisas

luns de 19 a 19.30h

venres de 17 a 17.30h

ACTIVIDADES EN FAMILIA

Actividades gratuitas en familia en sábado pola mañá con inscrición previa

ESPAZO LÚDICO e DE ENCONTRO DE FAMILIAS

Este espazo é unha iniciativa que xorde para accionar e poñer en común, reflexionar, xogar, e tamén informarnos para compartir a través do xogo e adquirir coñecemento compartido sobre aspectos importantes na crianza con rapaces e rapazas co obxectivo de obter estratexias e recursos que contribúan a un desenvolvemento integral das fillas/-os e familias.

De 11.30 a 13.00 - de balde- Inscrición previa

23 de novembro. Proxecto Xogos para todas/-os. Espazo aberto de encontro para todas as idades onde compartir e divertirnos con xogos variados e colaborativos, actividades lúdicas, educativas e culturais

14 de decembro: Proxecto Xogos para todas/-os. Espazo aberto de encontro para todas as idades onde compartir e divertirnos con xogos variados e colaborativos, actividades lúdicas, educativas e culturais

25 de xaneiro: As persoas adolescentes e as redes sociais

29 de marzo: Como falar de sexualidade coa rapazada

31 de maio: Proxecto Xogos para todas/-os. Espazo aberto de encontro para todas as idades onde compartir e divertirnos con xogos variados e colaborativos, actividades lúdicas, educativas e culturais

DIVERCIENCIA EN FAMILIA

Actividade en familia de achegamento á ciencia

Datas:

5 de outubro/30 novembro/

11 xaneiro/15 de marzo e 3 de maio

Horario: *de 11.30 a 13h*

QUEDADAS DE XADREZ X TODAS

Quedadas de xadrez para todos os públicos

Sábados **7 setembro/ 9 novembro/ 1 febreiro/ 5 de abril e 7 xuño** Campionato interfamilias.

Horario: *de 11.30 a 13h*

QUEDADAS ARTÍSTICAS

Actividade plástica para familias con técnicas diversas de pintura, pintura ao aire libre, debuxo en familia, visita ao CGAC, etc...

Datas:

19 outubro/16 novembro/14 decembro/18 xaneiro/22 marzo/10 maio e 14 xuño con actividade final

Horario: *de 11.30 a 13h*

PROXECTO DE HORTICULTURA DE OCIO. HORTA URBANA ECOLÓXICA

O Centro Sociocultural de Conxo desenvolve na HORTA URBANA 2 das Arribadas un proxecto de formación e experimentación pensado para a participación das familias, a veciñanza e os grupos de rapazada do centro.

Necesidade de inscrición previa. Prazas limitadas.

A formación será impartida por *Pura Seoane*.

1. *Introdución á horticoltura*
As bases e o ciclo da horta
4 sesións de 90 minutos en xaneiro-febreiro
2. *Horticoltura de ocio 1: A horta urbana*
A horta urbana como valor didáctico, de aprendizaxe continua e autoconsumo
3 sesións de 90 minutos en febreiro-marzo.
3. *Horticoltura de ocio 2: Obradoiro de xardín e hortas verticais*
Coñeceremos plantas utilizadas na cociña, aromáticas, medicinais, decorativas e hortícolas que se poden utilizar, con diferentes posibilidades de ubicalas nas terrazas ou pequenos xardíns desde prácticas ecolóxicas.
3 sesións de 90 minutos en marzo-abril.

Actividade da caixa de tempo

A MASA en familia (Actividade coa AAVV Conxo Aberto)

26 de outubro *Amasa no outono PAN DE CASTAÑAS*

8 de febreiro *Amasa no entroido EMPANADIÑAS*

12 de abril *Amasa na Páscoa PAN PITA E PANADIÑOS*

Hora: 11.30h

Teremos unha proposta de elaboración de distintos tipos de amasado.

Prezo dos materiais utilizados segundo grupo

Obradoiros pensados para facer en familia de elaboración de diferentes tipos de pan, e masas,... ou pratos da gastronomía tradicional co obxectivo de que as familias poidan achegarse á arte da cociña de maneira lúdica, e poder compartir coa veciñanza.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES PUNTUAIS. Avance

SETEMBRO

XXXVI SEMANA CULTURAL DE CONXO

Do 5 ao 12 de setembro

Vid. programación específica

NO CAMPO DE FÓRA 2024-ACENTRAL FOLQUE

Ciclo de concertos e outras actividades ao redor da música tradicional

TREIDES COMIGO!

Xoán Curiel (guitarra e voz) e **Carlos Freire** (percusións)

Sábado 14 de setembro ás 20h

Centro Sociocultural de Conxo

PASO DE VALVERDE Teatro

Os contos clásicos da Tía Carolina

5 de setembro ás 18.30h

Rede Cultural da Deputación

BRAIS DAS HORTAS

Consertasso na horta

7 de setembro ás 18.30h

Rede Cultural da Deputación

TERRACEAMOS+

Gloria Pavía & Rafa Morales

Gloria Pavía, música compostelana, xunto co baixista Rafa Morales, foi galardoada este ano nos Premios da Música na categoría de nova artista emerxente.

xoves 12 de setembro ás 21h

Centro Sociocultural de Conxo

OUTUBRO-NOVEMBRO

Festival Internacional de Títeres **GALICREQUES**

sábado 19 de outubro ás 18h

Vid. Programación específica.

Xornadas micolóxicas de Conxo

Venres 18 e sábado 19 de outubro

Vid. Programación específica.

Necesaria inscrición previa

Sábado día 26 de outubro a partir das 18h

Festa das Cabazas

Concurso de Cabazas Terroríficas

Túnel do Terror

Ás 19.30h

Magosto + Chocolatada

ORGANIZA: Coordinadora das Festas Tradicionais

Sábado 26 de outubro ás 19.30h

Concerto de **Cé Orquestra Pantasma**

Fíos do Querer

Rede Cultural da Deputación

DECEMBRO

Exposición ***Mostra dos Traballos realizados no taller de terapia ocupacional***
do Psiquiátrico de Conxo

Programa de actividades de nadal

Vid. Programación específica

Sábado 14 de decembro

Mercado de Intercambio de Xogo e do Xoguete

De 11.30 a 14.30h

Venres día 20

Pequeno Festival de Inverno

ás 17.30h

XANEIRO-FEBREIRO-MARZO

Venres e sábados de xaneiro e febreiro

Obradoiros de preparación da Comparsa de Entroido

Vid. programación específica

Mes de marzo

Exposicións *O Entroido de Conxo e Compostela*

Da Gentalha do Pichel e o Centro Sociocultural de Conxo

Martes 4 de marzo

Participación no desfile de entroido de Compostela

15h. No Centro sociocultural de Conxo

Necesidade de inscrición previa

8 de marzo

Festa do Entroido de Conxo

Vid. programación específica

ABRIL-MAIO-XUÑO

Do 21 ao 26 de abril

Semana do libro

Vid. programación específica

Festa do Banquete de Conxo

Vid. programación específica

Centenario da anexión do Concello de Conxo (1925)

15 de maio de 2025

Vid. Programación específica

Do 12 ao 17 de maio

Semana das letras

Vid, programa específico

20 de xuño 18h

Festival Final

Mostra dos traballos das actividades

23 de xuño

ás 18h

Roteiro das herbas de San Xoán

Saída do Centro Sociocultural de Conxo

Necesario inscrición previa

Festa do San Xoán

Vid. programación específica

Organiza: Coordinadora das Festas Tradicionais de Conxo

PROPOSTA DE ACTIVIDADES DAS ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS DO BARRIO

Actividade coa Asociación Causas Comúns. Proxecto utopía

A guitarra flamenca. INICIACIÓN

Clases técnicas e teóricas de guitarra impartidas por **Marcos Salazar**

Mocidade e adultos.

Venres a partir das 19h

Prezo: 45€/trimestre

Actividades coa Asociación de Música Tradicional de Conxo

As actividades, sen prezo marcado, terán un prezo de 60€/trimestre.

Rexeranse polo calendario escolar.

Obradoiro de cantos de taberna (novo)

Pendente concretar día (xoves ou venres a partir das 20h)

Prezo: 45€/trimestre

Actividade dirixida á rapazada a partir dos 6 anos

Primeiros encontros coa música e o instrumento INICIACIÓN

Arranca na música tradicional

Luns 19 a 20h Mano Pereira

Actividade dirixida á rapazada a partir dos 6 anos

Pandeireta para nenos/as

grupo medio Venres 17 a 18h Lua de Sousa

grupo iniciación Venres de 18 a 19h

Baile tradicional

Venres 19 a 20h Lua de Sousa

Nenos/-as (a partir de 5 anos)

Guitarra para rapazada

Luns 18 a 19h Rafa Fernández

Prezo: 50€/trimestre

Arranca no mundo do baile tradicional. NIVEL INICIACIÓN ADULTOS

Mércores 18 a 19h Marcos Franqueira

De novembro a xuño

Baile tradicional adultos. NIVEL MEDIO

Mércores 19 a 20h Marcos Franqueira

De novembro a xuño

Baile tradicional adultos. NIVEL AVANZADO

Mércores 21 a 22h Marcos Franqueira

De novembro a xuño

Acordeón diatónico NIVEL INICIACIÓN

Luns 19.00 a 20.00h con Juan Villar

Pandeireta avanzado

Mércores 18 a 19h Lua de Sousa

Pandeireta medio

Mércores 19 a 20h Lua de Sousa

Guitarra para mocidade e adultos

Aprende a tocar as cancións dos teus grupos preferidos

Luns 19 a 20h Rafa Fernández

Prezo: 50€/trimestre

Percusión tradicional

Luns 20 a 21.30h

Gaita

Luns 20 a 21h

Mano Pereira

Actividade co Clube CONXO Tenis de Mesa (CONXOTM)

Súmame a un dos clubs históricos do Tenis de Mesa de Compostela e apoia o deporte local!

Curso de Tenis de mesa para rapazada (con CONXOTM)

Luns de 18.15 a 19.45h

10 euros mes, e 20 de matrícula (licencia)

Tenis de Mesa adultos (con CONXOTM)

Sábado 18:15 a 19:45 h

10 euros mes, e 25 de matrícula (licencia)

Actividade coa Asociación de Veciños Conxo Aberto

A Asociación de Veciños Conxo Aberto quere abrir unha vía de participación e encontro coa veciñanza do barrio co sentido de compartir e intercambiar opinións sobre cuestións relacionadas con Conxo. Ademais vai facer unha proposta de sesións formativas sobre temas diversos de interese veciñal e social.

CAIXA DE TEMPO

Intercambia o teu tempo. Intercambios individuais ou grupais. Inscríbete en conxoaberto@gmail.com ou no 981528740.

É tempo de participar!

ACTIVIDADES GRUPAIS DA CAIXA DE TEMPO

Amáñao ti mesmo con Carlos

Bricolaxe básica para a vida diaria

Aprenderás ferramentas básicas de fontanería, electricidade e bricolaxe.

De outubro a marzo

mércores de 18h a 19h

prezo: gratuito

haberá un custo de 15€/trimestre de gasto en material

A MASA en familia con Manu

26 de outubro *Amasa no outono PAN DE CASTAÑAS*

Vid. Proposta específica de actividades. Xuntanzas veciñais mércores e venres á tarde

Obradoiro de autodefensa feminista

Obradoiros monográficos outono-décembro

Sábados pola mañá

prezo segundo grupo

Grupo de teatro de adultos*

Luns de 18 a 19.30h

prezo 60€/trimestre

director: Xurxo Barcala

***Co obxectivo de darlle continuidade ao proxecto teatral,
as persoas participantes no ano anterior terán preferencia na inscrición**

Tecer e gancho

knitting & crochet

mércores de 17 a 18h

prezo segundo grupo

Profesora María Arceo

30€/trimestral

Grupo de Canto Coral de Mulleres

Co obxectivo de montar un coro diverso e creativo, aberto a todas, nace este grupo coa idea de a través da música tecer lazos de confianza e seguridade para escoitar, explorar e crear a través dun repertorio diverso de música adaptado a coros de mulleres

Martes ás 19h

45€/trimestral

Aprende as túas cancións favoritas no ukelele

mércores ás 20h

prezo segundo grupo

Obradoiro de regueifa e creación de coplas

Monográfico

Xaneiro-febreiro

Se che gusta ou estás interesado súmate ao grupo e inscíbete

Obradoiro de batucada con LATEXO percusión

Sábados mes de outubro de 11 a 12.30h.

Prezo segundo grupo (Monográfico aprox. 35€/persoa)

Introdución á rítmica, técnica e movemento, ritmos e arranxos típicos dos blocos de Salvador de Baía

Costura creativa (+16 anos)

Neste obradoiro aprenderás os recursos necesarios do patronaxe e a costura para confeccionar a túa propia roupa.

Martes de 19 a 20.30h

Grupo de percusión de entroido

Pendente concretar horario

Debuxo e pintura

xoves 19.30 a 20.30 h 25 €/mes

Aprenderás a ver os obxectos, a observar, a facer composicións e a xogar cos elementos. Poderás escoller a túa técnica e ir do debuxo á pintura experimentando con técnicas diferentes.

Danzas urbanas

A partir de 16 anos

Aeróbic-zumba

Con Sandra Piñeiro

martes e xoves 20.30 a 21.30h

70€/trimestre

Pilates iniciación 1

mércores e venres 10 a 11h Elena Escrich

70€/trimestre

Pilates iniciación 2

mércores e venres de 11 a 12h Elena Escrich

70€/trimestre

Pilates iniciación 3

mércores e venres de 20 a 21h Elena Escrich

70€/trimestre

Pilates medio 1

martes-xoves 10 a 11h Elena Escrich

70€/trimestre

Pilates medio 2

martes-xoves 11 a 12 Elena Escrich

70€/trimestre

Pilates medio 3

martes-xoves 19.30 a 20.30h Elena Escrich

70€/trimestre

BAILES DE SALÓN

Sábados tarde

Iniciación 18h a 19h

Avanzado 19h a 20h Nadia Milena

Hatha ioga

martes-xoves 17 a 18.15h Loli Negreira

1 día 60€/trimestre

2 días 90€/trimestre

(As persoas ao inscribirse deben facer constar se o fan por un ou polos dous días)

Tai chi

martes 18.30 a 20h Jesús Alcaide

60€/trimestre

Chi kung-kigong + meditación

Luns e mércores 12 a 13h Jesús Alcaide

75€/trimestre

Plantas, herbas medicinais e aromaterapia

De febreiro a abril de 2025

60€/trimestre

Actividade coa Asociación de Veciños Doutor Maceira

CLUBE DE SENDEIRISMO VÍA LÁCTEA

Clube de senderismo. Via Láctea

martes e xoves 18 a 21 h

Marcha NÓRDICA

Martes tarde

Prezo: 25€/mes

Actividade coa Asociación Fonte da Virxe

Encaixe de palillos

Xoves (pendente confirmación horario) María Carmen

Prezo 25€/mes

Corte e confección

Venres 17 a 18.45 h Susa García

28€/mes

Actividade coa Asociación Itinera en Saúde

Obradoiros de **dinamización dixital**

Martes e xoves de 10 a 14h

Actividade co Clube Tenis de Mesa de Conxo

Tenis de mesa

Luns de 18 a 19.45h

Sábado de 12 a 13.30h

Actividade da Coordinadora das Festas Tradicionais de Conxo

Festa das cabazas

Sábado 28 de outubro

Festa do entroido de Conxo

sábado 17 de Febreiro

Festa do San Xoán

23 de xuño

Actividade Asociación Alecría

Encontro semanal Grupo de apego Alecría

Martes 17 a 19h

Vid. programación específica de actividades. Xuntanzas de lactancia e de crianza

Actividade Os Conformistas de Conxo

Xuntanzas de preparación do entroido

Xaneiro a febreiro de 21 a 22.30h Quico Fernández

Actividade co Grupo de fotografía

Grupo de afeccionados/-as á fotografía

Xuntanza de traballo os mércores ás 20.30 h

SERVIZOS E HORARIOS

QUERES EXPOÑER

O centro ofrece espazo para difusión de propostas artísticas, tanto de artistas consolidadas como amadoras.

Se queres expoñer non o dubides e ponte en contacto con nós!

ESPAZOS ABERTOS

O Centro Sociocultural de Conxo dispón ao servizo das veciñas e veciños do barrio espazos do centro sociocultural para o seu uso durante as mañás. Se precisas un espazo para xuntanzas, para poder traballar nalgún proxecto concreto podes solicitar o seu uso.

ESPAZO DE ENCONTRO. INFORMACIÓN E HEMEROTECA

De luns a venres de 10 a 14 h, de martes a venres de 17h a 21.30h

Sábado de 10 a 14h

Prensa diaria e revistas.

ESPAZO DE XOGO

Luns a venres de 17:30 a 20:30h

O espazo de xogo é un lugar de encontro para rapaces e rapazas de idades comprendidas principalmente entre os 5 e os 12 anos que queiran participar nun proxecto común no que se desenvolven centros de interese e temáticas diversas

ao longo do ano. E facémolo de xeito lúdico a través de xogos e obradoiros con base nas propias ideas que van xurdindo dos rapaces e rapazas.

Existe un pequeno espazo de xogo para os menores de 5 anos, que deben estar acompañados dos pais/nais.

